



# COBRES - LAGOA DE CASTIÑEIRAS

Club de Montaña O Carroucho

21 de Setembro de 2013


A Asociación de Desenvolvemento Rural Bisbarra de Pontevedra, realizou, entre outras valiosas accións, unha Rede Comarcal de Sendeiros, aproveitando os innumerables camiños e corredoiras tradicionais, acondicionándoos e sinalizándoos, co que foron homologados pola FGM. A combinación de varios destes sendeiros e a información tanto da súa páxina web como a do Concello de Vilaboa, permitiunos montar esta xornada que esperamos comprázavos.

A ruta principia e remata en Santa Cristina de Cobres. Comezaremos no Peirao de Santa Cristina, onde está a lonxa. A primeira parte é de asfalto e terra ata Barciela, en que xa tomaremos un camiño de terra paralelo á costa que pasa por Punta do Cabalo e Punta Larache, na que enlazaremos co Sendeiro da Croa, por uns camiños de bosque e terreos de vides. Así chegaremos ata ao Peirao dos Caraballetes, á altura da Croa, en que volveremos camiñar pegados á costa. Dende aquí pódese ver con claridade a praia de Arcade, San Simón, a Ponte de Rande, Ponte Sampaio. Seguiremos pola costa ata chegar ás Salinas de Ulló, pasando polo seu ancho muro, o que nos permitirá comprobar a importancia da antiga instalación e sentir un pouco máis que estamos nunha ría. Aquí faremos unha pequena parada de descanso, coa recomendación de picar algo, xa que nos queda toda a suba e o xantar non se fará ata chegar ao lago.

Despois da parada meterémonos no sendeiro coñecido como Chan de Vilar e Muíños de Vilaboa, que na súa primeira parte ten un pequeno tramo de asfalto inevitable ata que pasamos a estrada nacional e a autoestrada, e chegamos ás aldeas de Río e Cimadevila. Aquí empezaremos un fermoso e estreito camiño de río e bosque, que non abandonaremos ata o lago. Sempre nunha mantida subida, iremos pasando varias zonas de muíños, casi todos en mal estado, pero nunha paraxe de extraordinaria beleza.

Despois de xantar, seguiremos camiño polo bosque ata chegar ao Dolmen do Rei (3.000 anos a.C.), monumento megalítico de grande importancia. Unha vez visitado o dolmen seguimos 2 km en descenso por unha cómoda pista de terra que nos permitirá gozar de boas vistas da ría de Vigo. Ao final da baixada, e despois de varios cruces nos que ninguén debe despistarse, chegaremos ao Sendeiro dos Muíños de Río Maior. Esta ruta contén nada menos que 34 muíños, numerados, case todos restaurados, dos que veremos 33, pero ningún por dentro. A ruta nada máis chegar ao río vai por un camiño fácil, acondicionado con pontes e escaleiras, que en suave pendiente chega a Santa Cristina de Cobres onde remataremos a ruta.

| Datos Básicos        |                        |
|----------------------|------------------------|
| Comezo:              | Sta.Cristina de Cobres |
| Remate:              | Sta.Cristina de Cobres |
| Distancia lineal:    | 22,5 km.               |
| Duración aproximada: | 8 horas                |
| Dificultade:         | Media                  |
| Altura máxima:       | 427 m                  |
| Altura mínima:       | 0 m                    |
| Acumul.:             | ↗700 m / ↘680 m        |



**Próxima cita:**  
5-6-7 Outubro  
A Veiga-Pena Trevinca



O Carroucho  
www.carroucho.org